

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Área Economía, Facenda e Réxime Interior

Aprobación definitiva da Ordenanza municipal de funcionamento dos centros municipais de empresas do Concello da Coruña

ANUNCIO

O pleno da corporación municipal da Coruña, na sesión ordinaria celebrada o 09.01.2025, acordou aprobar inicialmente a ORDENANZA REGULADORA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS (CSV 2N09 3S2E 5B1F 343Q 0Q1I) que refunde as normas reguladoras de acceso e funcionamento dos Centros Municipais de Empresas, AGRELA e ACCEDE PAPAGAIO, e introduce modificacións tendentes a facilitar e simplificar os procesos de acceso e permanencia neles.

O acordo de aprobación inicial espúxose ao público durante un prazo de trinta días hábiles, a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP (20.01.2025), e no taboleiro de edictos do Concello, coa finalidade de que as persoas interesadas poideran examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimasen oportunas, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O expediente administrativo estivo a disposición das persoas interesadas, para o seu exame, no departamento de Promoción Económica, situado no Centro ACCEDE PAPAGAIO, na Plaza Papagaio s/n; así como no taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello, no seguinte enlace: <https://sede.coruna.gal/sede/gl>.

Transcorrido o prazo para presentar alegacións, sen se presentar ningunha, o acordo de aprobación da ordenanza é definitivo e procede a publicación no BOP do texto íntegro da mesma (CVS 2N09 3S2E 5B1F 343Q 0Q1I).

A Coruña, a 10 de marzo de 2025

O concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Estratéxica

José Manuel Lage Tuñas

ORDENANZA MUNICIPAL DE FUNCIONAMENTO DOS CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS DO CONCELLO DA CORUÑA

ÍNDICE

TITULO PRELIMINAR. CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS

Artigo 1. Definición

Artigo 2. Obxecto

Artigo 3. Localización, natureza xurídica e estrutura

TITULO I. PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 4. Persoas beneficiarias

Artigo 5.- Obrigas das persoas beneficiarias

Artigo 6.- Prohibicións das persoas beneficiarias

TITULO II. AUTORIZACIÓNS DE USO E TIPOS DE OCUPACIÓN

Artigo 7. Autorización de uso de espazos e prestación de servizos nos CME

A autorización de uso e prestación de servizos poderá consistir en:

Artigo 8. Tipos de ocupacións.

TITULO III. PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE DE OCUPACIÓNS PERMANENTES

CAPITULO I. CONVOCATORIA

Artigo 9. Convocatoria de acceso

CAPITULO II. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Artigo 10. Solicitudes e documentación para presentar

Artigo 11. Presentación de solicitudes, lugar e forma

CAPITULO III. VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Artigo 12. Criterios de valoración de solicitudes

Artigo 13. Órgano de avaliación de solicitudes

Artigo 14. Procedemento de avaliación de solicitudes

CAPITULO IV. RESOLUCIÓN

Artigo 15. Proposta de resolución

Artigo 16. Resolución.

CAPITULO V. LISTAXE DE AGARDA

Artigo 17. Listaxe de agarda

CAPITULO VI. FORMALIZACIÓN

Artigo 18. Prazo de duración da autorización

Artigo 20. Causas de extinción da autorización

TITULO IV. PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE DE OCUPACIÓNS PUNTUAIS

Artigo 21. Convocatoria

Artigo 22. Solicitudes

Artigo 23. Procedemento

TITULO V. USO DE INSTALACIÓNS E SERVIZOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS

Artigo 24. Horario e apertura

Artigo 25. Utilización e accesibilidade de espazos.

Artigo 26. Responsabilidade por danos

TÍTULO VI. RÉXIME SANCIONADOR

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 27. Disposicións xerais

Artigo 29. Prescrición

CAPÍTULO II. INFRACCIÓNS

Artigo 30. Infraccións

CAPÍTULO III. SANCIÓN

Artigo 31. Das sancións

Artigo 32. Órganos sancionadores.

TÍTULO VII. RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 33. Financiamento e réxime de achegas.

TÍTULO VIII. RÉXIME XURÍDICO

Artigo 34. Réxime xurídico

Disposición derogatoria

Disposición transitoria

Disposición final.

ANEXOS

TÍTULO PRELIMINAR. CENTROS MUNICIPAIS DE EMPRESAS

Artigo 1. Definición

Os Centros Municipais de Empresas (en diante CME), regulados pola presente ordenanza, son unha estrutura de acollida temporal, de carácter público e polivalente, que o Concello da Coruña pon á disposición das persoas emprendedoras e empresarias co fin de, mediante unha xestión sen ánimo de lucro, facilitar o desenvolvemento xerminal e a consolidación de iniciativas empresariais na cidade.

Os CME están pensados para localizar empresas nos seus primeiros anos, acompañalas e prestarlles determinados servizos adaptados ás necesidades de cada proxecto empresarial.

Son CME do Concello da Coruña os seguintes:

- O Centro Municipal de Empresas de Agrela (en diante CME Agrela)
- O Centro Municipal de Empresas ACCEDE Papagaio (en diante ACCEDE Papagaio)

Ambos os centros constitúen espazos físicos que, combinando o ofrecemento de locais, formación, asesoramento e prestación de servizos, tratan de cubrir as necesidades básicas de pequenas e medianas empresas, permitindo mellorar as súas expectativas de supervivencia, co consecuente efecto positivo sobre a creación de emprego e riqueza do tecido produtivo do municipio.

Artigo 2. Obxecto

As presentes bases teñen por obxecto establecer os criterios de admisión e uso dos CME do Concello da Coruña.

Os CME facilitaranlles ás persoas beneficiarias a posibilidade de dispoñer de espazos de traballo dotados dunha serie de servizos e infraestruturas comúns, co obxectivo de propiciar a relación con outras empresas e/ou profesionais nunha situación similar, e permitirlles mellorar as súas posibilidades de crecemento, consolidación e éxito empresarial.

Os CME teñen entre os seus obxectivos:

- Apoiar as persoas emprendedoras no proceso de posta en marcha do seu proxecto empresarial.
- Facilitar o nacemento, arranque e consolidación de novas empresas, en especial daquelas de carácter innovador, así como de novas liñas de actividade en empresas xa existentes.
- Facilitar o coñecemento e a adquisición de aptitudes empresariais mediante o deseño e a impartición de programas formativos, directamente xestionados polo propio Concello ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas. A formación poderá incluír, entre outras temáticas, plan de empresa, formación financeira, tributaria, xurídico-laboral, comercialización e vendas etc.
- Fomentar a cultura emprendedora e a utilización de prácticas innovadoras nos diferentes ámbitos da vida
- Cooperar con outras entidades ou institucións nas actividades de apoio á creación de empresas.
- Contribuír á diversificación da estrutura produtiva local e á xeración de emprego.

- Crear espazos para a reflexión, participación e cooperación de todos os actores locais, tanto públicos como privados, implicados na promoción económica e o desenvolvemento local.
- Facilitar a integración das persoas usuarias destes centros no ámbito empresarial mediante a organización de encontros e contactos con distintos axentes socioeconómicos, así como con outras persoas emprendedoras e empresarias.
- Fomentar a cultura colaborativa.
- E, en xeral, colaborar no desenvolvemento de calquera acción que sirva aos fins anteriores.

Polo exposto, o Concello da Coruña procede a regular o acceso aos espazos dos CME, e o seu funcionamento, baixo as condicións establecidas na presente ordenanza.

Artigo 3. Localización, natureza xurídica e estrutura

O Concello da Coruña é o titular do CME Agrela e do ACCEDE Papagaio, que están situados no seu termo municipal, correspondéndolle a competencia exclusiva das funcións de planificación, tramitación, xestión, coordinación, execución e seguimento de todos os servizos ofertados nestes centros. Por este motivo, dítanse as instrucións que sexan necesarias para a súa correcta orde e funcionamento.

Ambos os centros teñen carácter de bens de dominio público destinados ao servizo público, de acordo co disposto no artigo 5.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, art. 79 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigo 4, do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

3.1. Centro Municipal de Empresas de Agrela

Localízase no edificio *Igrexario de Agrela*, situado na rúa Galileo Galilei, número 62 do polígono industrial de Agrela, código postal 15008 da Coruña.

O Centro dispón de:

- 12 despachos, cunha superficie que vai desde o 10 m² ata o 16 m², dedicados á localización de proxectos empresariais.
- Vestíbulo de acceso
- Recepción e secretaría
- Almacén
- Cuarto de instalacións
- Aseos
- Salón de actos
- Sala de reunións - Aula de formación

3.2. ACCEDE Papagaio

Está situado nun local situado na praza Papagaio s/n, código postal 15002 da Coruña.

O centro conta coa seguinte delimitación de espazos:

- Espazo para a localización de persoas emprendedoras/empresarias, cunha superficie de 406,35 m², con capacidade para 66 módulos de traballo dotados de mobiliario individual.
- Espazo NUBE, cunha superficie de 81,90 m², con capacidade para 12 módulos de traballo dotados de mobiliario básico.
- Espazo CONECTA, cunha superficie de 173,70 m². Consiste nun espazo aberto destinado a potenciar o networking a través de charlas, xornadas, encontros, mesas de debate, congresos etc. En definitiva, trátase dun espazo de encontro, intercambio e formación ao servizo das persoas emprendedoras, empresas ou entidades.
- Espazos COMÚNS:
 - Vestíbulo de acceso
 - Recepción e secretaría
 - Aseos
 - Salas de reunións (2 grandes e 2 pequenas)
 - Zona de formación
 - Espazos abertos de relación, encontros, intercambios e formación
 - Cabinas de comunicación.

TÍTULO I. PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 4. Persoas beneficiarias

Con carácter xeral, poderán optar ao uso das instalacións e/ou servizos dos CME calquera persoa física ou xurídica que estea nunha das situacións seguintes:

4.1.- Empresas en proxecto, entendéndose por tales aquelas onde a persoa ou persoas emprendedoras estean a traballar no desenvolvemento dunha idea ou proxecto co obxecto de constituír, nun breve espazo de tempo, unha empresa, ben como empresario/a individual, ben baixo calquera fórmula societaria. As persoas beneficiarias incluídas neste grupo entenderanse que están en fase **de preincubación**, que será previa ao comezo de actividade. A efectos de determinar a data de inicio de actividade considerárase como tal a que consta no documento de alta no censo de empresarios, profesionais e retedores.

4.2.- Novas empresas, entendéndose estas como aquelas constituídas, ben como empresario/a individual, ben baixo calquera fórmula societaria, que teñan como máximo 5 anos de antigüidade, e que precisen dun apoio especial para mellar as súas expectativas de supervivencia.

Tamén terán a consideración de novas empresas aquelas cualificadas como startups ou empresas emerxentes, de acordo co establecido na *Lei 28/2022, do 21 de decembro, de fomento do ecosistema das empresas emerxentes*, do sector da biotecnoloxía, enerxía, industrial ou outros segundo avance o estado da tecnoloxía, cunha antigüidade dun máximo de 7 anos desde a súa constitución.

As persoas beneficiarias incluídas neste grupo entenderanse que están en fase **de incubación** exercendo a actividade empresarial.

4.3.- Empresas en consolidación, entendéndose estas como as constituídas como empresario/a individual ou baixo calquera fórmula societaria, que teñan unha antigüidade entre 5 e 10 anos.

As persoas beneficiarias incluídas neste grupo entenderanse que están en fase **de consolidación** exercendo a actividade empresarial.

Serán **solicitantes** as persoas físicas ou xurídicas promotoras e as persoas representantes das agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as sociedades civís, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado daqueles proxectos empresariais en fase de constitución, de recente creación ou en proceso de consolidación, que emprendan no ámbito do concello da Coruña de forma individual ou a través de empresas consideradas micropemes conforme o establecido no Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014¹, independentemente da súa forma xurídica.

4.4.- Fundacións, asociacións, federacións, ou calquera outra entidade de base asociativa sen ánimo de lucro e entidades públicas e privadas que promovan e apoiem a creación de novos proxectos emprendedores e/ou a consolidación de proxectos empresariais, que teñan entre os seus obxectivos a promoción do emprendemento, e que a través da formación e *mentorización apoiem e fomenten a participación nos campos da innovación, a creatividade, a tecnoloxía, o comercio ou o desenvolvemento empresarial, entre outros.

Serán **solicitantes** as persoas representantes de fundacións, asociacións, federacións ou calquera outra entidade de base asociativa sen ánimo de lucro e entidades públicas e privadas que promovan e apoiem a creación de novos proxectos emprendedores e/ou a consolidación de proxectos empresariais, que teñan entre os seus obxectivos a promoción do emprendemento, e que a través da formación e mentorización apoiem e fomenten a participación nos campos da innovación, a creatividade, a tecnoloxía, o comercio ou o desenvolvemento empresarial, entre outros.

4.5.- As persoas profesionais ou empresariais que usen de forma itinerante as novas tecnoloxías para o desenvolvemento da súa actividade, a condición de que o xustifiquen con visado, ou autorización de nómade dixital, calquera documento acreditativo, ou declaración responsable poñendo de manifesto esta circunstancia e aclaratorio da súa actividade.

En ningún caso, poderán obter a condición de beneficiarias as persoas, entidades, agrupacións ou asociacións nas que concorran as circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as establecidas no artigo 71 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou nas súas respectivas normativas de desenvolvemento.

Para os efectos desta ordenanza, enténdese por antigüidade o tempo transcorrido entre a data de comezo da actividade empresarial ou profesional (de acordo coa establecida no modelo 036/037 de alta no censo de empresarios, profesionais e retedores) e a data de entrada no rexistro municipal da solicitude de ocupación.

¹ Na categoría das PEME, defínese microempresa como unha empresa que ocupa a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 2 millóns EUR

4.6.- Persoas físicas ou xurídicas que con carácter esporádico e puntual soliciten o uso das instalacións ou servizos dos CME para as actividades relacionadas co emprendemento ou a actividade empresarial.

Artigo 5.- Obrigas das persoas beneficiarias

As persoas beneficiarias de autorizacións de ocupación, puntual ou permanente, estarán obrigadas a:

- a) Aboar, segundo o establecido na ordenanza vixente, o prezo público que corresponda.
- b) Tratar co debido respecto a todo o persoal que interveña na xestión do centro.
- c) Facilitar tanta documentación lle sexa requirida polo persoal técnico municipal.
- d) Comunicar calquera cambio producido a respecto das circunstancias iniciais, que poidan modificar a súa condición de beneficiaria.
- e) Facilitar o normal desenvolvemento e convivencia do centro e non levar a cabo actividades incompatibles cos usos ou actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas.
- f) Repoñer os materiais ou infraestruturas que resulten danados pola persoa beneficiaria/ usuaria.
- g) Permitir a execución de obras de reparación, conservación ou mellora que ordene o Concello, así como a limpeza do centro.
- h) Restituír, unha vez finalizada a autorización de ocupación, o espazo cedido nas mesmas condicións de uso en que foi recibido, sendo responsable do uso negligente ou abusivo que se puidese realizar durante a súa ocupación.
- i) Comunicarlle inmediatamente ao persoal técnico municipal calquera anomalía que observe nos espazos para os que conta con autorización de uso, nos espazos comúns (aseos, recepción e secretaría etc.), así como na prestación de servizos.
- k) Separar e clasificar os seus residuos e depositalos separadamente nos colectores específicos e a realizar pola súa conta, no seu caso, contratos de recollida de residuos especiais por empresas homologadas. Todos os danos causados a terceiros pola evacuación dos produtos que se deriven da súa actividade serán de responsabilidade exclusiva da persoa beneficiaria.
- l) Aceptar cantas normas e instrucións dítense para o control e xestión do centro. En particular, regulamentos internos de funcionamento, cadros de mando e/ou autorizacións de cesión que se poidan redactar como anexo ou desenvolvemento da presente ordenanza, configurándose todos eles, desde o mesmo momento da súa aprobación, como parte inseparable do mesmo.

Ademais, as persoas beneficiarias de autorizacións de ocupación permanente estarán obrigadas a:

- m) Exercer por si mesmas a actividade empresarial para a que se lle concedeu a súa condición de beneficiaria en ocupación permanente.
- n) Satisfacer todas as cargas, impostos e gravames que pesen, agora ou no futuro, sobre a actividade que desenvolvan.
- o) Satisfacer as cotas obrigatorias á Seguridade Social ou, no seu caso, mutualidade de colexio profesional do persoal da empresa, tanto das propias persoas promotoras como das súas asalariadas.
- p) Colaborar naquelas accións formativas, promocionais e/ou divulgativas, impulsadas polo departamento de Promoción Económica, que sexan consideradas beneficiosas para o prestixio e funcionamento xeral do centro.
- q) Solicitar coa debida antelación os espazos e servizos que se desexen utilizar, en particular os que fan referencia a salas de reunión, aulas de formación, salóns de actos e servizos comúns.
- r) Asistir, agás con causa debidamente acreditada, ás reunións ás que sexa convocado/a polo persoal do departamento de Promoción Económica en relación ao correcto funcionamento dos CME, ou outras cuestións de interese para a comunidade de persoas aloxadas neles.
- s) Se se pretende o cesamento na utilización de espazos nunha data anterior á prevista na correspondente autorización, será requisito comunicalo por escrito a través do rexistro municipal, antes do día 15 do mes anterior á data de cesamento prevista.

Artigo 6.- Prohibicións das persoas beneficiarias

Prohíbeselles ás persoas beneficiarias:

- a) Arrendar, ceder ou gravar, en todo ou en parte, por calquera título, o dereito de uso ou utilización de espazos para os que se obtivo autorización, agás no caso no que a actividade para a que se cedeu o espazo sexa a mesma e haxa un cambio de titularidade, de forma xurídica ou de accionistas, sempre que se manteña o persoal previo

ao cambio. En todo caso, calquera modificación que se produza será obxecto de notificación ao departamento de Promoción Económica.

- b) Introducir maquinaria ou elementos técnicos ou instalacións de potencia eléctrica que non se axusten á actividade permitida e ás características técnicas do inmovible e do espazo concedido.
- c) Realizar calquera tipo de obras, decoración, rótulos ou calquera outro elemento que afecte á imaxe corporativa e aos espazos do centro.
- d) Utilizar as instalacións para fins distintos aos previstos na autorización, non podendo alterarse o seu destino sen consentimento previo, expreso e por escrito do Concello da Coruña.

TÍTULO II. AUTORIZACIÓNS DE USO E TIPOS DE OCUPACIÓN

Artigo 7. Autorización de uso de espazos e prestación de servizos nos CME

A autorización de uso e prestación de servizos poderá consistir en:

1. Autorización de uso de espazos de traballo, xa sexan oficinas ou módulos de traballo, de carácter permanente ou puntual, segundo os procedementos definidos na presente ordenanza.
2. Autorización de uso dos espazos comúns: salas de formación, salas de reunión, salón de actos, cabinas de comunicación, zonas de descanso.
3. Autorización de usos de servizos comúns: conserxaría, reprografía, medios audiovisuais, conexión á Internet a través de wifi, máquinas expendedoras.
4. Subministracións de auga, calefacción, enerxía eléctrica, evacuación de augas residuais, recollida selectiva de lixos (agás recollidas de residuos especiais que serán por conta de cada usuario/a), limpeza e servizo de conserxaría na xornada que se estipule en cada un dos centros.
5. Servizos de apoio ao emprendemento, como pode ser asesoramento, formación para o emprendemento, mentorización, organización de actividades de networking e eventos relacionados co emprendemento, preferentemente.

Sen menoscabo dos servizos comúns aos que se refire esta ordenanza, as empresas instaladas nos CME poderán establecer, xa sexan todas ou parte delas, acordos de colaboración ou de cooperación naqueles servizos compartidos que estimen necesarios para o seu óptimo rendemento empresarial. O custo destes servizos deberán asumilo integramente as ditas empresas. É requisito previo realizar unha comunicación (cunha antelación mínima de 5 días hábiles) ao persoal do departamento de Promoción Económica, que dará a súa conformidade. Esta comunicación poderá realizarse a través do correo electrónico empresa@coruna.gal

Artigo 8. Tipos de ocupacións

Os espazos ofertados nos CME utilizaranse e aproveitarán baixo o réxime de autorización permanente ou puntual, que poderá ser outorgada ás persoas beneficiarias ás que se refire o artigo 4, sempre que se cumpran os requisitos e o procedemento regulado na presente ordenanza.

Os espazos obxecto de ocupación, puntual ou permanente, só estarán ao dispor das persoas beneficiarias durante o tempo e para o uso establecido na correspondente autorización de ocupación, de acordo co regulado nesta ordenanza.

Autorizaranse dous tipos de ocupacións:

1.- Ocupacións permanentes: en espazos de traballo onde as persoas beneficiarias desenvolverán os proxectos empresariais validados como aptos pola comisión de valoración que se indica no artigo 13.

Poderán ser obxecto de ocupación permanente: os 12 despachos do CME Agrela e os 66 módulos de traballo de ACCEDE Papagaio.

Para ocupacións permanentes establécense as seguintes limitacións:

- a) En ACCEDE Papagaio: a ocupación permanente de espazos para unha mesma persoa beneficiaria será como máximo de cinco módulos. Durante a súa estadía, as persoas beneficiarias poderán solicitar unha redución ou ampliación de módulos. A ampliación estará sempre suxeita a dispoñibilidade e ata o límite máximo indicado. As solicitudes de ampliación e redución deberán realizarse antes do día 15 do mes anterior á data de incorporación ou cesamento prevista.
- b) No CME Agrela: a ocupación permanente de espazos para un mesmo proxecto empresarial será como máximo dun despacho ou oficina. Excepcionalmente, sempre que exista dispoñibilidade, e previa presentación de solicitude, poderá autorizarse a ocupación de dous despachos ou oficinas, por un tempo máximo de 12 meses. Esta autorización estará condicionada a que non haxa novas solicitudes, nese caso a beneficiaria dos dous despachos terá que abandonar o segundo nun tempo máximo de 1 mes desde a notificación.

Con carácter específico, para cada un dos CME, terase en conta:

1. No **CME Agrela**. Poderán obter a condición de persoas beneficiarias as establecidas nos apartados 2,3 e 6 do artigo 4.
2. Poderán ocupar módulos en ACCEDE **Papagaio**, e obter a condición de beneficiarias, as persoas ás que se refire o artigo 4. No caso ao que se refire o apartado 4, amparadas baixo un convenio ou acordo de colaboración.
3. En ambos os centros poderán admitirse como persoas usuarias, ademais das persoas promotoras do proxecto empresarial, as persoas traballadoras contratadas por conta allea, as persoas autónomas colaboradoras no mesmo proxecto, persoal bolseiro e en prácticas e, en xeral, o persoal de apoio que, baixo calquera forma legal, realice funcións que sexan necesarias para o desenvolvemento dos proxectos das persoas promotoras admitidas, cos límites de ocupación establecidos na letra a) do punto 1 do artigo 8 desta ordenanza.

En ningún caso terán cabida grupos de sociedades cando unha sociedade ostente ou poida ostentar, directa ou indirectamente, o control doutra ou outras e naqueles casos recollido no artigo 42 do Código de comercio.

Quedarán excluídos os proxectos ou empresas que prexudiquen o desenvolvemento ou funcionamento normal dos CME, non respondan ás finalidades contempladas nesta ordenanza, por resultar inviables ou non cumpriren cos requisitos descritos.

2.- Ocupacións puntuais: en espazos de traballo onde as persoas beneficiarias, recollidas no artigo 4 desta ordenanza, poidan desenvolver actividades de carácter esporádico e puntual vinculadas ao emprendemento e/ou á actividade empresarial.

Inclúense neste apartado actividades de formación, eventos, reunións e traballos puntuais empresariais ou outras actuacións similares.

Poderán ser obxecto de ocupación puntual:

1. Módulos de traballo de ACCEDE PAPAGAIO. A ocupación puntual de módulos de traballo para unha mesma persoa beneficiaria será como máximo de cinco.

Enténdese que teñen carácter esporádico e puntual as ocupacións de ata 90 días, cando sexan de forma continuada, ou de ata 120 días, cando sexan de forma interrompida, sempre computados dentro do período dun ano contado desde a data de inicio da primeira ocupación.

2. En ACCEDE Papagaio: espazo CONECTA, salas de reunións, espazos para formación.
3. No CME Agrela: salón de actos e aula de formación.

Será como máximo de cinco días continuados a ocupación puntual de espazos comúns indicados nos puntos 2 e 3 anteriores.

TITULO III. PROCEDEMENTO PARA A SOLICITUDE DE OCUPACIÓNS PERMANENTES

CAPITULO I. CONVOCATORIA

Artigo 9. Convocatoria de acceso

O acceso, así como a utilización de espazos e servizos ofertados polos CME para ocupacións de espazo permanentes, rexeráse por un sistema de convocatoria aberta de carácter permanente, suxeito á dispoñibilidade de espazos, regulado nesta mesma ordenanza.

CAPITULO II. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Artigo 10. Solicitudes e documentación para presentar

As persoas, físicas ou xurídicas, interesadas en acceder aos CME deberán presentar unha solicitude no modelo que se achega coa presente ordenanza como **ANEXO 1A**, por proxecto empresarial ou empresa xa creada, dirixido ao departamento de Promoción Económica.

É necesario cumprimentar o ANEXO 1A na súa totalidade, inserir a documentación que se relaciona a continuación e asinar pola persoa interesada, ou aquela que actúe na súa representación, que responderá da veracidade dos datos indicados. Poderase asinar a través de calquera medio que permita acreditar a autenticidade da expresión da súa vontade e consentimento, así como a integridade e inalterabilidade do documento.

Documentación para presentar coa solicitude:

- **Con carácter xeral**, tanto en suposto de empresas en proxecto como no caso de actuar como empresario/a individual ou baixo calquera fórmula societaria e/ou asociativa, copia do NIF/NIE en vigor da persoa solicitante:

- a) No caso de empresas en proxecto será o da persoa promotora, e no caso de ser varias será aquel que actúa en representación e coa que se manterán as comunicacións que procedan.
- b) No caso de empresas constituídas, se se trata de empresario/a individual será o seu propio, e no caso de entidades constituídas baixo calquera fórmula societaria ou asociativa, será o da sociedade ou asociación.
- Copia do NIF/NIE en vigor de cada unha das persoas promotoras, no caso de empresas en proxecto, ou das persoas socias ou asociadas, no caso de empresas constituídas baixo calquera fórmula societaria ou asociativa.
 - No caso de empresas en proxecto, Informe de vida laboral actualizado de cada unha das persoas promotoras. No caso de empresas constituídas, informe de vida laboral actualizado do empresario/a individual ou de cada unha das persoas socias para aquelas empresas constituídas baixo calquera fórmula societaria, ou, de ser o caso, certificado da mutualidade do colexio profesional, con indicación dos períodos de alta na actividade.
 - Proxecto empresarial que inclúa, polo menos os contidos do modelo que se achega á presente ordenanza no **ANEXO 2**

No caso de entidades **constituídas**, ben sexa como empresario/a individual ben baixo calquera fórmula societaria ou asociativa:

- Certificado de situación censual emitido pola AEAT actualizado do empresario/a individual ou, no seu caso, da sociedade.
- Escritura de constitución da empresa, ou estatutos da asociación e as súas modificacións ou variacións posteriores, no caso de as houber, ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente.
- Copia do NIF/NIE en vigor de quen ostenta a representación legal da sociedade asociación.

Cando se pretenda a admisión de persoas distintas das persoas promotoras deberá presentarse, ademais, a seguinte documentación:

- Contrato de traballo ou outro documento análogo que regule a relación coa entidade
- Documento de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda

Nos casos nos que sexa aplicable, poderá substituírse a presentación destes documentos polo correspondente informe de vida laboral de empresa do código de cotización que inclúa as persoas contratadas.

Na solicitude deberá indicarse se se autoriza ao Concello da Coruña para obter de forma directa os certificados acreditativos de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT, coa Seguridade Social e co propio Concello. No caso de empresas en proxecto, a consulta será para cada unha das persoas promotoras. Se se manifesta, no ANEXO 1A, oposición á consulta, estes certificados deberán achegarse xunto co resto de documentación que se presenta coa solicitude.

O ANEXO 1A incluírá, ademais, a declaración de non estar incurso/a en ningún dos supostos de prohibición establecidos no artigo 71 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

Na aplicación do artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, quedarán eximidos da presentación de calquera dos documentos anteriores cando fosen achegados anteriormente a calquera Administración. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

A solicitude, xunto coa documentación indicada, debe constar completa cunha antelación de polo menos 5 días hábiles antes da data prevista para a reunión da comisión de valoración á que se refire o artigo 13.

Finalizada a avaliación de proxectos pola comisión de valoración e emitida a acta correspondente, aqueles que alcancen a cualificación de aptos deberán presentar, cando se pretenda a admisión de persoas distintas das promotoras ou socias (enténdase persoal contratado por conta allea, con contrato mercantil, persoal bolseiro etc.), os contratos ou documentos que acrediten a relación laboral ou calquera outra vía de colaboración desas persoas no proxecto presentado, copia o seu NIF/ NIE e copia do alta no Réxime da Seguridade Social que corresponda.

A persoa solicitante, ou quen actúe na súa representación, autoriza o Concello da Coruña a realizar cantas comprobacións considere oportunas, ao obxecto de verificar ou solicitar novos datos que puidesen afectar á selección e participación no centro. Se do resultado desta comprobación houber datos distintos aos manifestados, adoptaranse as medidas necesarias para corrixir e, no seu caso, reparar o prexuízo causado, podendo chegar á perda do dereito á autorización da ocupación do espazo. Todo iso, sen prexuízo das responsabilidades legais ás que houbese lugar.

Artigo 11. Presentación de solicitudes, lugar e forma

Deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo 1A, acompañado da documentación que corresponda.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario habilitado para o efecto ou, no caso de non estar dispoñible, a través do formulario de “solicitud xeral”, dispoñibles na sede electrónica do Concello da Coruña.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica do Concello da Coruña.

Se se observa que a solicitude é defectuosa ou incompleta, requiriráselle á persoa solicitante que no prazo máximo de 10 días emende a falta e/ou acompañe os documentos preceptivos, indicando no dito requirimento que, se así non o fixer, teráselle por desistido/a da súa petición, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Común das Administracións Públicas.

CAPITULO III. VALORACIÓN DE SOLICITUDES

Artigo 12. Criterios de valoración de solicitudes

Favorecerase o establecemento daqueles proxectos empresariais e/ou novas empresas constituídas que reúnan as seguintes características:

- Que acheguen aspectos innovadores na súa actividade empresarial, ben porque desenvolvan algún novo produto ou servizo, ben porque fagan algún tipo de innovación en métodos de xestión da empresa como deseño, xestión de recursos humanos, comercialización etc.
- Que acheguen valor engadido ao tecido empresarial local.

Para a valoración das solicitudes presentadas teranse en conta os seguintes criterios:

CRITERIO		PUNTUACIÓN
Antigüidade da empresa (desde a data do alta censual)	de 0 a 6 meses	5 puntos
	máis de 6 meses a 12 meses	4 puntos
	máis de 12 meses a 36 meses	3 puntos
	máis de 36 meses a 60 meses	2 puntos
	máis de 60 meses	1 punto
Xeración de emprego (por conta propia e por conta allea)	Xeración de emprego por parte das persoas promotoras , se son mulleres, mozos e mozas menores de 30 anos ou persoas de 45 anos ou máis ⁽¹⁾	2 puntos por persoa, ata un máximo de 6 puntos
	Xeración de emprego por parte das persoas promotoras , resto de colectivos ⁽¹⁾	1 punto por persoa, ata un máximo de 3 puntos
	Xeración de emprego por conta allea (contratos indefinidos ou contratos formativos) ⁽¹⁾	1 punto por persoa, ata un máximo de 3 puntos
Forma xurídica ⁽²⁾	Sociedade cooperativa, sociedade laboral, outra fórmula de economía social	3 puntos
	Sociedade civil, comunidade de bens, autónomo/a	2 puntos
	Outras sociedades mercantís	1 puntos
Contribución do proxecto emprendedor/empresarial aos centros municipais de empresa	Compromiso expreso de participación na organización e/ou realización de actividades formativas e de dinamización dos centros municipais de empresas: cursos, obradoiros, xornadas etc.	3 puntos
Proxecto/empresa innovadora Entenderase que un proxecto ou empresa é innovadora cando teña elementos innovadores. - no produto ou servizo, - no proceso de xestión - en ámbitos de actuación - en tecnoloxía - no sistema de organización - en márketing - en deseño - outros ...	Valorarase da seguinte forma: - Innovación alta: en catro ou máis aspectos innovadores, un total de 8 puntos - Innovación media: polo menos dous aspectos innovadores, un total de 4 puntos - Innovación baixa: polo menos un aspecto innovador, un total de 2 puntos.	máximo 8 puntos

CRITERIO		PUNTUACIÓN
Proxecto/empresa sostible	Entenderase que un proxecto ou empresa é sostible cando a súa actividade se desenvolve a través dun conxunto de accións debidamente planificadas, que actúan con respecto e harmonía sobre o medio social e natural, co obxectivo de lograr melloras permanentes na calidade de vida da poboación. Valorarase establecer unha estratexia e levar a cabo accións destinadas a reducir os impactos ambientais e sociais adversos.	máximo 5 puntos
⁽¹⁾ Existentes e acreditados no momento da presentación da solicitude. As persoas promotoras deberán acreditar estar de alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade do colexio profesional, fóra das cooperativas de traballo asociado que optarán por integrarse no Réxime Xeral ou nalgún dos Réximes Especiais da Seguridade Social, segundo proceda, de acordo coa súa actividade. No caso de xeración de emprego por conta allea, acreditarase co informe actualizado de vida laboral da empresa. A puntuación está referida a unha xornada completa. Se se trata dunha xornada parcial, a puntuación reducirase proporcionalmente ⁽²⁾ Deberá achegarse a documentación que acredite tal circunstancia. Este criterio só se valorará no caso de empresas en fase de incubación ou consolidación, e non será puntuable o compromiso de constituírse baixo determinada forma xurídica		

Aclaración dos criterios de valoración:

1. Todos os criterios que sexan tidos en conta pola comisión de valoración, a efectos de puntuación, deberán cumprirse no momento da ocupación efectiva do espazo no CME, o que deberá acreditarse ao departamento de Promoción Económica.
2. Para considerar apto un proxecto ou empresa, deberá obter a seguinte valoración mínima:
 - En fase de preincubación: 10 puntos dentro dun máximo de 21 puntos.
 - En fase de incubación: 16 puntos dentro dun máximo de 32 puntos.
 - En fase de consolidación: 14 puntos dentro dun máximo de 28 puntos.
3. En todo caso, ás persoas promotoras que xa teñen concedida autorización de ocupación en fase de preincubación, para continuar desenvolvendo o mesmo proxecto en fase de incubación, outorgaráselles, logo da previa presentación da correspondente solicitude, a autorización de ocupación para esta nova fase, sen necesidade de presentar e expoñer o seu proxecto empresarial ante a comisión de valoración.
4. Ás empresas que xa teñen concedida autorización de ocupación en fase de incubación e queiran continuar desenvolvendo o mesmo proxecto en fase de consolidación, outorgaráselles, previa presentación da correspondente solicitude, a autorización de ocupación para esta nova fase, sen necesidade de presentar e expoñer o seu proxecto empresarial ante a comisión de valoración.

As solicitudes deberán presentarse, como mínimo, dous meses antes da data de finalización da autorización en vigor e quedarán condicionadas á dispoñibilidade de espazos.

Artigo 13. Órgano de avaliación de solicitudes.

Para a valoración e avaliación das solicitudes créase unha comisión de valoración, composta por:

- Presidencia: a persoa que ocupe a xefatura do Servizo de Emprego e Empresa que, na súa ausencia, poderá ser substituída pola persoa que ostente a xefatura de departamento de Promoción Económica
- Secretaría: unha persoa técnica do Servizo de Emprego e Empresa.
- Vogais: a persoa que ocupe a xefatura do departamento de Promoción Económica que, na súa ausencia, será substituída pola persoa que ocupe a xefatura do departamento de Emprego.

A persoa responsable da concellaría da área, no suposto de ausencia das persoas titulares deberá nomear as persoas substitutas. Tamén poderá modificar a composición da comisión de valoración, cun límite máximo de tres integrantes, establecidos fundamentalmente por razóns de operatividade e eficiencia.

Artigo 14. Procedemento de avaliación de solicitudes.

A comisión de valoración avaliará os proxectos que non incorran en causa de exclusión, e cualificaraos segundo os criterios de valoración estipulados nesta ordenanza.

Durante a reunión da comisión de valoración requirirase a presenza, física ou virtual, de polo menos unha das persoas promotoras do proxecto, coa finalidade de presentalo, así como, se é preciso, resolver dúbidas que poidan expor ás persoas integrantes da comisión de valoración.

A data de reunión da comisión de valoración comunicaráse á persoa solicitante, ou á persoa que actúe na súa representación.

Poderase solicitar asesoramento externo, se se considera preciso, en determinados proxectos empresariais. Os expertos actuarán con voz pero sen voto.

Durante o tempo de estudo dos proxectos poderanse solicitar cantos datos sexan necesarios para a súa correcta valoración, que terán que achegarse no prazo de 5 días hábiles desde a recepción da notificación. Non se considerarán imputables ao Concello da Coruña as posibles demoras producidas no proceso pola tardanza en achegar os datos mencionados.

CAPITULO IV. RESOLUCIÓN

Artigo 15. Proposta de resolución

